



## CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: GPA

Expediente nº 2018/E001/0000013

### DECRETO DO CONCELLEIRO-DELEGADO DA ÁREA DE RÉXIME INTERNO E RECURSOS HUMANOS

#### ANTECEDENTES DE FEITO

-Proceso selectivo para a constitución e funcionamento dunha lista de espera de administrativo/a, segundo a convocatoria e bases que foron obxecto de aprobación mediante o Decreto 1620/2018, do 2 de novembro (BOP nº 214, do 09/11/2018)

-Tribunal designado mediante o Decreto 2009/2018, do 4 de decembro, polo que se aproba a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos e se fixa o lugar, día e hora da realización do primeiro exercicio. Esta resolución foi corrixida polo Decreto 2027/2018, do 10 de decembro.

-Actas do órgano de selección, de datas 12, 19 e 26 de decembro de 2018. Nesta última o Tribunal efectúa proposta de lista de espera no sentido que obra no expediente.

#### FUNDAMENTOS LEGAIS

A base nº 8 das que regulan a convocatoria establece a elaboración dunha lista de espera, cunha dobre utilidade: 1º) para cubrir vacantes; e 2º) para outros supostos de substitución.

Polo tanto procede ditar resolución aprobatoria, na que se reflecta a orde de prelación as puntuacións parciais e as totais de cada aspirante.

En principio a atribución orixinaria para ditar a presente resolución corresponde ao alcalde, por dispoñelo así o artigo 21.1, letras g) e h), da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL). Porén, tal competencia foi delegada no concelleiro-delegado da Área de Réxime Interno e Recursos Humanos mediante o Decreto 1251/2015, do 3 de xullo (BOP do 13/07/2018), complementado polo Decreto 2438/2015, do 23 de decembro (BOP do 19/01/2016).

Por todo o anterior, a través do presente decreto, RESOLVO:

#### 1. Aprobar a presente lista de espera de administrativo/a:

NOME	1º EXERCICIO	2º EXERCICIO	CELGA 4	EXPERIECENCIA PERSOAL ADMIN.	CURSOS	TITULACIÓN SUPERIOR	TOTAL
Mª ELISA GÓMEZ FERREIRO	18,5	7	SI	0,4	2	1,5	29,4
PILAR MARTÍNEZ MARTÍNEZ	16	5	SI	-	1,4	-	22,4
BEATRIZ DOMÍNGUEZ FERREIRO	12,5	6,75	SI	-	2	0,5	21,75
PAULA GONZÁLEZ PAZOS	15	5,75	SI	-	0,8	-	21,55
DIEGO GARCÍA BECEIRO	13,5	5	SI	-	1,8	-	20,3

**A presente lista de espera é complementaria da vixente -aprobada polo Decreto 2038/2018, do 11 de decembro- que trae a súa causa do expediente nº 2018/E001/000010 (bases e convocatoria publicadas no Boletín Oficial da Provincia da Coruña nº 136, do 18/07/2018). Polo tanto, só se acudirá á presente lista cando as necesidades de persoal administrativo non poidan ser cubertas polos integrantes da lista preexistente.**



## **CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)**

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: GPA

### **2. Publicar a lista que antecede no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e no apartado corresponde da páxina web municipal.**

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderán os interesados interpor potestativamente o recurso de reposición ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación, segundo establecen os artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP). Se interpoñen o recurso de reposición non poderán interpoñer o recurso contencioso-administrativo até que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Transcorrido un mes desde a interposición do recurso potestativo de reposición se que lles teña notificada a resolución expresa, entenderase desestimada por silencio administrativo, e quedará expedita a vía contencioso-administrativa, podendo interpoñer o recurso contencioso-administrativo no prazo de seis meses, a contar desde o día seguinte ao daquel no que se producise a desestimación presunta. Se o recurso de reposición foi resolto expresamente o prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar desde o día seguinte ao da notificación do acordo polo que se resolveu expresamente o citado recurso de reposición. Este recurso contencioso-administrativo poderá ser interposto ante o Xulgado correspondente do contencioso-administrativo, efectuando os demandantes a elección que lles permite o artigo 14.1, regra segunda, da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa (LRXCA).

Malia o anterior, poderán impugnar directamente este acto administrativo ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa (artigo 123.1 da LPACAP). Para tal efecto poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte ao da publicación da presente resolución, perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo que corresponda, a teor da elección permitida aos demandantes polo artigo 14.1, regra segunda, da meritada Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Así mesmo os interesados poderán interpor calquera outro recurso que estimen procedente ou conveniente.

### **As Pontes de García Rodríguez**

FIRMADO POR José Alén Álvarez (FECHA: 03/01/2019) , Adrián Márquez Caramés (FECHA: 04/01/2019)

Decreto Número: 3/2019 - Fecha de decreto: 03/01/2019  
Versión imprimible

CVD: BwBUU11FZ5kF1WACV1L9D  
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.